



Facultade de Ciencias da Educación – Universidade da Coruña

**DOCUMENTO MARCO PARA A ELABORACIÓN DO  
PRACTICUM**

**Curso 2017-2018**

Estrutura do documento marco Practicum do Mestrado de Didácticas Específicas:

**1. Que é o Practicum?**

É unha materia obrigatoria do plan de estudos que consta de 6 créditos. O seu propósito central será relacionar a formación adquirida no mestrado cos diferentes contextos educativos innovadores propios da educación do século XXI. Tamén terá un papel chave na formulación de problemas e cuestións necesarias á hora da investigar, co obxecto de situar a práctica profesional innovadora no centro da formación.

**2. Desenvolvemento do Practicum:**

- As prácticas desenvolveranse en centros escolares ou doutro ámbito (museos, centros de interpretación etc.) e a asignación do centro será responsabilidade da dirección do Mestrado, tras a proposta do titor da UDC.
- A duración do Practicum é de 150 horas, sendo 75 de permanencia no centro. A asistencia é obrigatoria e a/o alumna/o deberá axustarse ao horario do profesor/a titor/a do centro.
- O Practicum comezará unha vez finalizadas as materias optativas do Mestrado.
- O/a alumno/a deberá elaborar unha memoria do traballo desenvolto no Practicum.
- A data límite de entrega da memoria figura no Anexo.

**3. Titor/a da UDC do Practicum:**

A/o titor/a do Practicum de cada estudante debe ser profesor/a do Mestrado dunha das áreas de Didácticas Específicas. Cada profesor/a só poderá titorizar un máximo de dous Practicum, salvo excepcións xustificadas e aceptadas pola Comisión Académica do Practicum. O titor/a será o mesmo que o director/a do TFM.

As súas funcións serán:

- Orientar o alumnado durante todo o proceso.

- Axudar a/o alumna/o a concretar o tema sobre o que traballará.
- Axudar na posta en práctica dunha proposta de acción.
- Resolver as súas dúbidas ao longo da realización do Practicum.
- Facilitarlle as orientacións pertinentes que permitiren a integración dos coñecementos conseguidos neste Mestrado e no desenvolvemento da súa competencia docente.
- Orientar sobre os recursos bibliográficos e materiais didácticos que redundaren na maior calidade, creatividade e orixinalidade da memoria do Practicum.
- Avaliar a memoria de Practicum.

#### **4. Titor do centro do Practicum:**

Os titores dos centros desenvolverán as seguintes funcións:

- Acoller e orientar o alumnado en prácticas e facilitarlle a realización do traballo en colaboración co titor da universidade.
- Emitir un informe (favorable ou desfavorable) sobre o traballo realizado polo/a alumno/a no centro.

#### **5. Funcións da/o alumna/o en prácticas:**

- Acudir ás accións formativas indicadas pola dirección do Mestrado e titorías convocadas polo titor.
- Desenvolver as funcións asignadas polos titores do Practicum cumprindo o horario das 75 horas de permanencia.
- Elaborar unha memoria do traballo desenvolto no Practicum que recolla as prácticas innovadoras detectadas.

#### **6. Modalidades da memoria:**

Dependendo dos tempos, do ritmo da programación do titor/a da institución, o alumnado en prácticas poderá acollerse a dúas modalidades de intervención na aula ou no contexto educativo:

- ***A- Deseño, implementación e desenvolvemento dun proxecto.***

Esta modalidade consiste no deseño, desenvolvemento e implementación dun proxecto real no contexto do centro onde se desenvolva o Practicum en calquera das didácticas específicas. Non se trata dunha proposta a nivel teórico, senón que esta debe levar a cabo o/a alumno/a en todas as súas fases. A estrutura é flexible, non obstante, debe recollese e documentarse todo o proceso que servirá de base para a elaboración do TFM.

- **B- Proposta de recursos e análise para a innovación e a investigación.**

Esta modalidade céntrase na observación e análise crítica de situacións ou das problemáticas concretas do lugar onde se realice o Practicum. Neste caso o alumnado deberá propoñer suxestións de mellora.

O/a alumno/a poderá facer propostas innovadoras a través da realización de novos recursos para empregar na aula, ben sexan materiais didácticos, recursos audiovisuais ou calquera outro medio físico ou virtual que axude a mellorar a situación observada. Así mesmo, tamén poderá analizar situacións características do día a día na aula que xeren problemas nos procesos de ensino-aprendizaxe, co obxectivo de propoñer novas metodoloxías de acción docente encamiñadas a mellorar en calquera das didácticas específicas.

## 7. Estrutura e cuestións formais da memoria do Practicum

O traballo presentado debe responder, en termos xerais, á estrutura que se determina a continuación:

- **Introdución:** breve descrición do contexto onde se leven a cabo os traballos e a modalidade de Practicum elixida.
- **Proposta de acción**
- **Reflexión do proceso e implicacións educativas**
- **Bibliografía**

As características formais son:

- Portada: será a primeira páxina, que deberá levar o logo da UDC e incluír os seguintes datos:
  - Título do traballo. Deberá aparecer en galego, castelán e inglés, por esixencia da acreditación do título pola normativa europea.
  - Nome da/o alumna/o
  - Nome do(s)/a(s) titor(es)/(as) do Practicum
- Índice: deberá reflectir as diferentes seccións do Practicum, así como os anexos correspondentes. É imprescindible que o índice inclúa a paxinación.
- Bibliografía, fontes documentais, outras fontes e recursos didácticos (segundo a normativa APA, 6.ª edición).  
([http://www.uah.es/biblioteca/ayuda\\_formation/estilos\\_citas.html#apa](http://www.uah.es/biblioteca/ayuda_formation/estilos_citas.html#apa))
- Extensión final do traballo: será de vinte e cinco páxinas máximo e vinte páxinas mínimo en DIN A4 (sen incluír os anexos).
- Tipo de letra: Time New Roman 12 puntos
- Entrelíado: 1,5; dobre entre parágrafos
- Marxes: 2,5 cm superior e inferior / 3 cm dereita e esquerda



- Entregarase un exemplar impreso ao/á titor/a, salvo que este non o considere imprescindible e o prefira en formato dixital.
- Procurarase non utilizar plásticos.
- Anexo: poderanse incluír os documentos e materiais que se consideraren pertinentes para a mellor comprensión e contextualización das prácticas

## **8. Avaliación**

O proceso de avaliación consta de dúas fases. En primeiro lugar, o/a titor/a do centro deberá emitir un informe sobre o desenvolvemento das prácticas. Se o informe é favorable, o/a titor/a da UDC valorará a memoria, que suporá o 100% da cualificación. No caso de que o informe do titor do centro sexa desfavorable, a puntuación máxima do Practicum será un 4.

- Para a cualificación da memoria teranse en conta os seguintes aspectos:
  - Cuestións formais (10%)
  - Proposta de acción (60%)
  - Reflexión do proceso e implicacións educativas (30%)



## ANEXO

CRONOGRAMA DO PROCESO DE ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DO PRACTICUM		
Data	Actividade	Responsable
7 novembro 2017	Presentación de preferencias	Alumnado
15 novembro 2017	Asignación de alumnos e titores da UDC	Dirección do Mestrado
26 xaneiro 2018	Proposta á dirección do Mestrado dos centros de prácticas	Titor/a da UDC
16 febreiro 2018	Asignación de centros	Dirección do Mestrado
16 de maio 2018	Entrega do informe	Titor/a do centro de prácticas
16 de maio 2018	Presentación da memoria do Prácticum (1. <sup>a</sup> oportunidade)	Alumnado
25 de maio 2018	Cualificación do Prácticum	Titor/a da Facultade
3 xullo 2018	Presentación da memoria do Prácticum (2. <sup>a</sup> oportunidade)	Alumnado
11 xullo 2018	Cualificación do Prácticum	Titor/a da Facultade